



MEMORIA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA 2005

INTRODUCCIÓN

A relación de postos de trabalho (RPT) é o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, consonte as necesidades dos servizos, e no que se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. É unha ferramenta imprescindible para a xestión do persoal e a planificación orzamentaria. Na súa elaboración debe atenderse tanto á normativa propia da Universidade como á de rango superior, estatal e autonómica, na materia.

No ámbito estatal, a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, sinala no artigo 15 que as relacións "comprenderán, convxunta ou separadamente, os postos de trabalho do persoal funcionario de cada centro xestor, o número e as características dos que podan ser ocupados por persoal eventual así como os de aqueles outros que podan desempeñarse por persoal laboral", e "indicarán, en todo caso, a denominación, tipo e sistema de provisión dos mesmos; os requisitos esixidos para o seu desempeño; o nivel de complemento de destino e, no seu caso, o complemento específico que corresponda aos mesmos, cando teñan que ser desempeñados por persoal funcionario, ou a categoría profesional e réxime xurídico aplicable cando sexan desempeñados por persoal laboral".

Pola súa banda, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia, sinala no artigo 25 que as relacións de postos de trabalho "conterán necesariamente os seguintes datos de cada posto: a) Órgano ou dependencia ó que se adscribe. b) Denominación e características esenciais, con indicación de se está ou non vacante. c) Nivel e retribucións complementarias do persoal funcionario e categoría profesional e réxime xurídico aplicable aos postos que vai desempeñar o persoal laboral. d) Requisitos esixidos



para o seu desempeño”, establecendo no apartado 3 a obligación de que “as devanditas relacións serán públicas”.

No que se refire á normativa específicamente universitaria, consonte o disposto no artigo 2.2 i) da Lei 6/2001, de 21 de decembro, Orgánica de Universidades (en adiante LOU), a autonomía das Universidades comprende “o establecemento e modificación das súas relacións de postos de traballo”, sendo competencia do consello de goberno, consonte o sinalado no artigo 15, o establecemento das liñas estratéxicas e programáticas da Universidade, así como as directrices e procedementos para a súa aplicación, no ámbito dos recursos humanos e económicos, sinalando o artigo 83 que “os costos do persoal docente e investigador, así como de administración e servizos, deberán ser autorizados pola comunidade autónoma”.

No ámbito da Universidade da Coruña, o artigo 27 dos seus Estatutos, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio, atribúe a competencia para “aprobar e modificar as relacións de postos de traballo” ao consello de goberno no artigo 27.2.q). Máis detallado, o artigo 92 dispón que “por proposta da xerencia, tras a consulta preceptiva á xunta de persoal, o consello de goberno establecerá a relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos mediante a creación, modificación e supresión das prazas que se precisen para a adecuada atención dos servizos, consonte co procedemento legalmente previsto”. A relación de postos de traballo “incluirá como mínimo: a. A denominación e a quenda. b. A unidade orgánica á que están adscritos os postos de traballo e, de ser o caso, a condición de vacante. c. O nivel de complemento de destino e, se é o caso, as retribucións complementarias. d. O grupo ou categoría profesional, as retribucións complementarias e a quenda, cando se trate de postos desempeñados por persoal laboral”.

Por último, debe terse en conta que ademais da consulta preceptiva á xunta de persoal e ao comité de empresa, o Consello Social desta Universidade é competente para “emitir informe sobre o cadre de persoal e a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos da universidade, as súas modificacións e os gastos que supoñen, con especificación da totalidade dos seus custos”, segundo dispón o artigo 4. i) da Lei 1/2003, de 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.

Neste marco normativo, e coa finalidade de coñecer as necesidades reais dos servizos en materia de persoal, iniciouse co curso académico 2004/05 un período



de consultas cos xefes de servizo e das unidades administrativas, rematado o cal, e coa información recibida, tiveron lugar diversas reunións cos representantes dos sindicatos con implantación nesta Universidade, tanto co fin de achegar posicións respecto das lexítimas demandas do persoal como coa intención de aproveitar o seu coñecemento do funcionamento interno da Administración universitaria.

Unha vez establecidas as prioridades da Universidade en materia de persoal de administración e servizos no consello de dirección, que se precisarán no seguinte apartado, e tras o diálogo cos representantes dos traballadores, a proposta de RPT que se achega responde á necesidade de conciliar a mellora constante na calidade dos servizos que presta a Universidade á sociedade co axeitado aproveitamento dos recursos de que dispón, no entendemento de que só a implicación de todos os sectores da comunidade universitaria, membros do PAS e do PDI e estudiantes, permitirá conseguir o grado de excelencia ao que aspira.

PRIORIDADES E MEDIDAS CLAVE NA NOVA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A elaboración dunha Relación de Postos de Traballo nun ámbito como o de administración e servizos non pode ser nunca allea ao desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. Este supuxo, supón e, de certo, vai supor no futuro grandes cambios nos procedementos que se manifestan en maiores niveis de calidade do traballo (máis seguridade, rapidez e simplicidade) e de eficiencia (menos recursos empregados, máis baratos e con maior nivel de rendemento). Esta circunstancia obriga a que a definición da estrutura organizativa dunha institución se deba formular como unha función directiva estreitamente vinculada tanto á realidade tecnolóxica presente como á evolución que esta poida acadar no futuro e, como consecuencia, a valorar con extremo coidado a creación de postos de traballo que, se ben nun momento determinado poden estar perfectamente xustificados, son susceptibles de perderen o seu sentido a medida que se producen cambios nos procedementos.

É sumamente importante facer explícitos os obxectivos e as prioridades que se persegue coa elaboración da Relación de Postos de Traballo para non caer en creacións, modificacións ou supresións de postos de carácter convxuntural e acompañar a definición da estrutura organizativa cunha serie de medidas de



reforma da administración dende o punto de vista dos procesos, das tecnoloxías, das relacións laborais ou da cultura organizativa.

Polo tanto, as prioridades fixadas e as medidas en que se materializan son as que deseguidamente se relacionan:

- 1) Dotar das unidades administrativas adecuadas as áreas de xestión que se consideran singularmente relevantes no período 2005-2010. Isto materialízase nas seguintes decisións:
 - a) Creación do Servizo de Investigación, en dependencia funcional da Vicerreitoría de Investigación.
 - b) Potenciación dos Centros Tecnolóxicos, con dependencia funcional da Vicerreitoría de Ferrol e Relacións Universidade Empresa, que diferencian a Universidade da Coruña dentro do sistema universitario de Galicia (Centro de Investigación Tecnolóxica (CIT) e Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC).
 - c) Potenciación e reforzamento do Servizo de Biblioteca como eixe básico da metodoloxía que promove o Espazo Europeo de Ensinanza Superior.
 - d) Potenciación da cultura da calidade por medio do reforzamento de actividades de soporte como as que se realizan no Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa e mais na Unidade Técnica de Calidade, e fonda reestruturación do novo Servizo de Informática e Comunicacións ao integrar e organizar por áreas de xestión nunha dependencia única as seguintes unidades da Relación de Postos de Traballo de 2003: Servizos Informáticos de Apoyo á Investigación (SIAIN), Servizos Informáticos de Xestión (SIX), Rede de Comunicacións, Unidade de Teleformación, Servizo de Información e Estatística (SEINFE). Todas estas unidades terán dependencia funcional da Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea.
- 2) Aumento da eficacia na administración xeral da universidade por medio das seguintes medidas:
 - a) Profunda reestruturación do antigo Servizo de Xestión Universitaria, cuxa dependencia funcional estaba na Secretaría Xeral, consistente na creación de dous novos servizos:
 - i) creación do Servizo de Estudantes, en dependencia funcional da Vicerreitoría de Estudantes, como segregación funcional, do antigo



Servizo de Xestión Académica para canalizar funcións de asesoramento, bolsas, información, etc. ao colectivo de usuarios máis numeroso da institución.

- ii) creación do Servizo de Organización Académica, dependente da Vicerreitoría de Organización Académica, para atender as funcións relativas á xestión neste ámbito así como a problemática derivada dos planos de estudo e títulos.
- b) Creación do Servizo de Rexistro, documentación e arquivo, en dependencia funcional da Secretaría Xeral, que permite dar unha sistemática global ao proceso de entrada, tramitación e arquivo de documentación administrativa, en substitución do antigo Centro de Documentación e Arquivo e do Rexistro Xeral e Información.
- c) Racionalización da estrutura de servizos dependentes da Xerencia e reforzamento daqueles que se consideran con potencial de mellora do seu actual funcionamento. E concreto, figuran recollidas na RPT as seguintes decisións:
 - i) Créase un Servizo de Patrimonio, Inventory e Xestión Económica como consecuencia da inclusión das funcións do antigo Servizo de Contratación e Administración no de Xestión de Patrimonio e Inventory.
 - ii) Consonte a normativa vixente, reestruturación profunda do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.
 - iii) O antigo Servizo de Contabilidade muda o seu nome para adaptalo ao conxunto de funcións que desenvolve realmente e recibe a nova denominación de "Servizo de Xestión Financeira".
 - iv) Introdúcese un cambio fondo na concepción das conserxarías situadas en dependencias de perfil non docente. Fundamentalmente, agrúpanse os efectivos e créanse as conserxarías da Reitoría, Elviña 1 (Edificio de Servizos Centrais de Investigación e Casa da Galería), Elviña 2 (Edificio de Documentación e Arquivo, Pavillón de Estudantes e Dependencias de Extensión Universitaria no Campus de Elviña) e Conserxaría central do Campus de Esteiro. Ademais, coa creación de postos de auxiliar de servizos destinados no edificio de talleres anexo á Escola Politécnica Superior e no edificio de departamentos da Escola Técnica Superior de Arquitectura, prescindirase das empresas de servizos que prestan



labores desta natureza nas devanditas dependencias. Mantense a Conserxaría no Centro Universitario de Riazor e o antigo edificio de Maxisterio será atendido provisoriamente por empresas de servizos.

- v) A dependencia funcional do Servizo de Persoal Docente e Investigador sae do ámbito da Xerencia para se colocar na Vicerreitoría de Profesorado.
- vi) Creación de dúas vicexerencias (Campus da Coruña e Campus de Ferrol) para a coordinación territorial dos labores propios da xerencia. En particular, cómpre salientar a creación da vicexerencia específica para Ferrol, cuxa misión principal será, ademais do impulso e coordinación da eficacia na xestión nos campus ferroláns, definir, en colaboración coa Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade Empresa, un modelo de descentralización administrativa dos servizos no seu ámbito de acción.
- d) Reforzamento con carácter puntual do catálogo de persoal de administración e servizos nos centros, departamentos e institutos universitarios. En particular, adóptanse, entre outras, as seguintes medidas:
 - i) Tras a análise profunda de modelos alternativos de organización de departamentos (unidades departamentais) ao actualmente implantado na UDC, esta RPT opta por dotar a todos os departamentos e institutos universitarios da universidade cun secretario administrativo.
 - ii) Naqueles centros onde se identifica un maior volume de xestión económica derivada da presenza de gran número de proxectos de investigación, contratos, convenios, etc, óptase pola creación dun posto base para prestar apoio específico ao negociado de asuntos económicos, o cal singularízase definitivamente con esta denominación, dentro do marco da administración do centro.
 - iii) Despois de estudar a carga de traballo das bibliotecas de centro, refórzanse de forma selectiva algunas delas con novos postos de bibliotecarios e auxiliares técnicos.
 - iv) No Instituto de Educación Física de Galicia (INEFG), centro integrado na UDC no mes de decembro de 2003, créase unha estrutura de administración e servizos similar ao resto dos centros da universidade. A única observación é a que lle afecta á conserxaría deste centro, que se mantén únicamente con un conserxe debido á existencia dun contrato



vixente cunha empresa que presta servizos de conserxaría ata o mes de setembro de 2006¹. Para conseguir que a estrutura da conserxaría deste centro sexa homologable á de calquera outro da UDC, resulta razonable prever que, ao remate da vixencia do contrato, se promova unha modificación puntual da RPT orientada á creación dos postos de auxiliares de servizos na devandita dependencia.

- 3) Para dar cumprimento na medida do posible ás recomendacións formuladas pola oficina do *Defensor del Pueblo* (Defensor del Pueblo, rexistro de saída nº 0354437, 7 de novembro de 2003), preténdese regularizar situacóns de precariedade laboral en postos estruturais. Para isto, adóptase a decisión de incorporar selectivamente á RPT, tras a consideración de estruturais, aqueles postos que se consideran imprescindibles para o funcionamento de dependencias administrativas con repercusión na vida ordinaria dos centros.

ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO PAS NA RPT 2005

CUESTIÓNS PRELIMINARES

O artigo 91º dos Estatutos da Universidade da Coruña establece que o persoal de administración e servizos dependerá organicamente da xerencia da universidade e funcionalmente da secretaría xeral, vicerreitorías, decanos e directores de centro, de departamentos e de servizos ou de entes a que estea adscrito. Polo tanto, a Relación de Postos de Traballo que agora se presenta observa fielmente este mandato estatutario e asemade establece de forma explícita cal é a dependencia funcional de cada posto en función da unidade organizativo en que se adscriba.

A estrutura da RPT reflicte as devanditas dependencias funcionais ao colocar as diferentes unidades organizativas (servizos, seccións, unidades, etc.) na secretaría

¹ Con data de setembro de 2002 asinouse un contrato para a prestación do servizo de conserxaría no INEF de Galicia entre a Xunta de Galicia e a empresa METOSEYCO, S.A. (exp. 2004/4005). Consonte o artigo 5º punto 2 do decreto de traspaso 444/2003 do 18 de decembro de 2003, a UDC subrogarase nos contratos e convenios subscritos pola Xunta de Galicia en relación co INEFG, sen prexuízo da denuncia facultativa destes nos termos previstos pola lexislación vixente. Con data 16 de setembro de 2004, a xerencia da UDC e METOSEYCO, S.A. manifestan o acordo de prorrogar o contrato por un período de dous anos coa indicación expresa de que ao remate da prórroga o contrato quedará rescindido definitivamente.



xeral, xerencia, vicerreitorías, centros... En todo caso, a dependencia orgánica, de acordo cos Estatutos, sempre será da Xerencia.

Non obstante, no futuro, as devanditas dependencias funcionais, sempre que non afecten á esencia do posto, poderían ser cambiadas, a través dunha resolución do reitor, en función de eventuais modificacións que experimenten tanto a estrutura de vicerreitorías, da xerencia e da secretaría xeral como as competencias destas.

DEPENDENCIAS FUNCIONAIS DO POSTOS

A Relación de Postos de Traballo do PAS (ANEXO 1) establece con claridade a estrutura organizativa a través da adscrición dos postos a unidades que operan baixo a dependencia funcional do reitor, vicerreitores, secretario xeral, xerencia, direccións de centro, departamentos, etc.

A seguinte relación mostra no seu primeiro nivel de quen dependen funcionalmente os postos de administración e servizos adscritos a cada unidade organizativa que figura no segundo nivel. Evidentemente, os postos concretos figuran na relación completa de postos de traballo do PAS.

- ❖ Consello Social
- ❖ Reitoría
 - Gabinete Técnico
- ❖ Secretaría Xeral
 - Oficina de Apoyo
 - Oficina de Relacións Internacionais (ORI)
 - Asesoría Xurídica
 - Sección de Protocolo
 - Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo
 - Servizo do Parque Móbil e Correos
- ❖ Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea
 - Unidade de Atención Telefónica
 - Servizo de Informática e Comunicacións
 - Unidade Técnica de Calidade
 - Unidade de Medios Audiovisuais
 - Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)
- ❖ Vicerreitoría de Estratégica e Planificación Económica
- ❖ Vicerreitoría de Estudantes
 - Servizo de Estudantes



- ❖ Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación
 - Gabinete de Comunicación
 - Sección de Extensión Universitaria
 - Área de Deportes
 - Área de Cultura
 - Club Universitario
 - Oficina de Cooperación e Voluntariado
 - Servizo de Normalización Lingüística
 - Servizo de Publicacións
 - Oficina de Cursos e Congresos
- ❖ Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade Empresa
 - Oficina de Transferencia dos Resultados da Investigación (OTRI)
 - Centro de Innovación Tecnológica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)
 - Centro de Innovación Tecnológica (CIT)
- ❖ Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental
 - Servizo de Arquitectura Urbanismo e Equipamentos
- ❖ Vicerreitoría de Investigación
 - Servizo de Investigación
 - Servizo de Biblioteca Universitaria
 - Biblioteca do Campus de Esteiro²
 - Servizos de Apoio á Investigación (SAI)
- ❖ Vicerreitoría de Organización Académica
 - Servizo de Organización Académica
 - Unidade de Estudos Propios de Posgrao
 - Universidade Sénior
- ❖ Vicerreitoría de Profesorado
 - Servizo de Persoal Docente e Investigador
- ❖ Xerencia
 - Vicexerencia Campus da Coruña
 - Vicexerencia Campus de Ferrol
 - Servizo de Xestión Financeira

² A Biblioteca de Esteiro presta servizo simultáneo a un conxunto de centros: Facultade de Humanidades, Escola Universitaria de Deseño Industrial, Escola Universitaria de Enfermaría e Escola Universitaria de Relacións Laborais.



- Servizo de Intervención
- Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social
- Servizo de Persoal de Administración e Servizos
- Servizo de Prevención de Riscos Laborais
- Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica
- Conserxaría Reitoría A Maestranza
- Conserxaría Elviña 1: ESCI, Casa da Galería
- Conserxaría Elviña 2: Centro Documentación, Pavillón Estudantes, Sección de Extensión Universitaria.
- Centro Universitario de Riazor
- Conserxaría Campus de Esteiro
- ❖ Valedor Universitario
- ❖ Escola Técnica Superior de Arquitectura
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría³
 - Laboratorios
- ❖ Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría
 - Laboratorios
- ❖ Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría
 - Laboratorios
- ❖ Facultade de Ciencias
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría
 - Laboratorios
- ❖ Facultade de Ciencias da Educación

³ Esta conserxaría dá servizo ao edificio da ETSA e ao edificio anexo de departamentos.



- Administración
- Biblioteca
- Conserxaría
- ❖ Facultade de Ciencias da Saúde
 - Administración
 - Biblioteca⁴
 - Conserxaría⁵
- ❖ Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
 - Administración
 - Biblioteca⁶
 - Conserxaría⁷
- ❖ Facultade de Ciencias da Comunicación
 - Administración
- ❖ Facultade de Dereito
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría
- ❖ Escola Universitaria de Deseño Industrial
 - Administración
 - Taller
 - Conserxaría
- ❖ Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía

⁴ Esta biblioteca dá servizo simultáneo a dous centros: Facultade de Ciencias da Saúde e Escola Universitaria de Fisioterapia. Consonte o escrito de 15 de xaneiro de 1999 da reitoría da UDC, e facendo referencia a un acordo da Xunta de Goberno, esta biblioteca deberá prestar servizo asemade ao Instituto Universitario de Ciencias da Saúde e á Escola Universitaria de Enfermaría (centro adscrito á UDC).

⁵ Esta conserxaría dá servizo simultáneo a dous centros: Facultade de Ciencias da Saúde e Escola Universitaria de Fisioterapia. Consonte o escrito de 15 de xaneiro de 1999 da reitoría da UDC, e facendo referencia a un acordo da Xunta de Goberno, esta conserxaría deberá prestar servizo asemade ao Instituto Universitario de Ciencias da Saúde e á Escola Universitaria de Enfermaría (centro adscrito á UDC).

⁶ Esta biblioteca dá servizo simultáneo a dous centros: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

⁷ Esta conserxaría dá servizo simultáneo a dous centros: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e Escola Universitaria de Estudos Empresariais.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Administración
- Conserxaría
- Clínica Universitaria de Podoloxía
- ❖ Escola Universitaria de Estudos Empresariais
 - Administración
- ❖ Facultade de Filoloxía
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría
- ❖ Escola Universitaria de Fisioterapia
 - Administración
- ❖ Facultade de Humanidades
 - Administración
 - Conserxaría
- ❖ INEF Galicia
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría
 - Persoal para Labores Específicos
- ❖ Facultade de Informática
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría
 - Laboratorios
- ❖ Escola Superior de Náutica e Máquinas
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría
- ❖ Escola Universitaria Politécnica
 - Administración
 - Biblioteca
 - Conserxaría
 - Laboratorios
- ❖ Escola Politécnica Superior
 - Administración



- Biblioteca
- Conserxaría⁸
- Laboratorios
- ❖ Escola Universitaria de Relacións Laborais
 - Administración
 - Conserxaría
- ❖ Facultade de Socioloxía
 - Administración
 - Biblioteca⁹
 - Conserxaría¹⁰
- ❖ Instituto Universitario de Ciencias da Saúde
- ❖ Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga
- ❖ Instituto Universitario de Medio Ambiente
- ❖ Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal
- ❖ Instituto Universitario de Estudos Marítimos
- ❖ Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin
- ❖ Departamentos

Para facilitar comprensión da vinculación das unidades organizativas dos servizos centrais e dependentes das vicerreitorías, xerencia e secretaría xeral da Relación de Postos de Traballo de 2005 coas que estaban presentes na PRT de 2003, a Táboa 1 establece unha aproximación entre ambos os dous catálogos.

Táboa 1

RPT 2005	RPT 2003
CONSELLO SOCIAL	
VALEDOR UNIVERSITARIO	
REITORÍA	
Secretaría do Reitor	Secretaría do Reitor
Gabinete Técnico	Gabinete Técnico

⁸ Esta conserxaría dá servizo ao edificio da EPS e ao edificio anexo de talleres.

⁹ Esta biblioteca dá servizo simultáneo a dous centros: Facultade de Socioloxía e Facultade de Ciencias da Comunicación.

¹⁰ Esta conserxaría dá servizo simultáneo a dous centros: Facultade de Socioloxía e Facultade de Ciencias da Comunicación.



RPT 2005	RPT 2003
SECRETARÍA XERAL	
Oficina de Apoio	Oficina de Programas de Convenios e Contratos
Oficina de Relacións Internacionais (ORI)	Servizo de Relacións Internacionais
Asesoría Xurídica	Servizo de Asesoría Xurídica
Sección de Protocolo	Sección de Actividades Institucionais
Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo	Centro de Documentación e Arquivo Rexistro Xeral e Información
Servizo do Parque Móbil e Correos	Servizo do Parque Móbil e Correos
VICERREITORÍA DE CALIDADE E HARMONIZACIÓN EUROPEA	
Unidade de Atención Telefónica	Central Telefónica
Servizo de Informática e Comunicacións	Servizos Informáticos de Apoyo á Investigación Servizos Informáticos de Xestión Rede de Comunicacións Unidade de Teleformación Servizo de Información e Estatística
Unidade Técnica de Calidade	Unidade Técnica de Avaliación
Unidade de Medios Audiovisuais	
Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)	Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)
VICERREITORÍA DE ESTRATEGIA E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA	
VICERREITORÍA DE ESTUDANTES	
Servizo de Estudiantes	Segregación das dependencias que xestionan bolsas, labores de atención ao estudiante, e entrega e recepción de documentación desde o antigo Servizo de Xestión Universitaria
VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E COMUNICACIÓN	
Gabinete de Comunicación	Gabinete de Prensa
Sección de Extensión Universitaria	Servizo de Extensión Universitaria
Área de Deportes	
Área de Cultura	
Club Universitario	
Oficina de Cooperación e Voluntariado	
Servizo de Normalización Lingüística	Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións	Servizo de Publicacións
Oficina de Cursos e Congresos	Oficina de Cursos e Congresos
VICERREITORÍA DE FERROL E RELACIÓN UNIVERSIDADE EMPRESA	



RPT 2005	RPT 2003
Oficina de Transferencia dos Resultados da Investigación (OTRI)	Oficina de Transferencia dos Resultados da Investigación (OTRI)
Centro de Innovación Tecnológica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)	Centro de Innovación Tecnológica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)
Centro de Innovación Tecnológica (CIT)	Centro de Innovación Tecnológica (CIT)
VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN AMBIENTAL	
Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos	Servizo de Obras e Equipamento
VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN	
Servizo de Investigación	
Servizo de Biblioteca Universitaria	Servizo de Biblioteca Universitaria
Biblioteca do Campus de Esteiro	Biblioteca do Campus de Esteiro
Servizos de Apoio á Investigación (SAI)	Servizos de Apoio á Investigación (SAI)
VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA	
Servizo de Organización Académica	Antigo servizo de Xestión Universitaria logo da segregación da sección de estudiantes.
Unidade de Estudos Propios de Posgrao	Oficina de Programas de Posgrao
Universidade Sénior	
VICERREITORÍA DE PROFESORADO	
Servizo de Persoal Docente e Investigador	Servizo de Persoal Docente e Investigador
XERENCIA	
Vicexerencia Campus da Coruña	Vicexerencia
Vicexerencia Campus de Ferrol	
Servizo de Xestión Financeira	Servizo de Contabilidade
Servizo de Intervención	Intervención
Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social	Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social
Servizo de Persoal de Administración e Servizos	Servizo de Persoal de Administración e Servizos
Servizo de Prevención de Riscos Laborais	Servizo de Prevención de Riscos Laborais
Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica	Servizo de Contratación e Administración Servizo de Xestión de Patrimonio e Inventario
Conserxaría Reitoría A Maestranza	Conserxaría
Conserxaría Elviña 1: ESCI, Casa da Galería	Produto da reestruturación de conserxarías
Conserxaría Elviña 2: Centro Documentación, Pavillón Estudantes, Sección de Extensión Universitaria.	
Conserxaría do Centro Universitario de Riazor	Conserxaría do Centro Universitario de Riazor
Conserxaría Campus de Esteiro	Produto da reestruturación de conserxarías



CRITERIOS XERAIS SOBRE OS POSTOS DE TRABALLO

Postos de Persoal Funcionario

Consonde o Decreto 93/1991, do 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de funcionario, promoción profesional e promoción interna (DOG do 25 de marzo de 1991), todos os postos de traballo reservados a funcionarios clasificaránse en 30 niveis. Todos os funcionarios adquirirán un grao persoal polo desempeño dun ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou durante tres con interrupción. Se durante o tempo en que o funcionario desempeña un posto de traballo se modifícase o seu nivel, este computarase co nivel máis alto que tivese o dito posto para efectos de consolidación. Porén, os funcionarios que obteñan un posto de traballo superior en máis de dous niveis ao correspondente ao seu grao persoal, consolidarán cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ao que posuísen, sen que en ningún caso poidan superar o correspondente ao do posto desempeñado nin o intervalo de niveis correspondente ao seu corpo ou escala.

O grao persoal comporta o dereito á percepción, como mínimo, do complemento de destino dos postos de nivel correspondente a este.

O tempo de permanencia na situación de servizos especiais será computado, para efectos de adquisición do grao persoal, como prestado no último posto desempeñado na situación de servizo activo ou no que posteriormente se obtivese por concurso.

Os intervalos de niveis de postos de traballo que corresponden a cada corpo ou escala, de acordo co grupo en que se atopen clasificados, figuran na Táboa 2.

Táboa 2

Corpo ou escala	Nivel mínimo	Nivel máximo
Grupo A	20	30
Grupo B	16	28
Grupo C	14	25
Grupo D	12	20
Grupo E	10	14



A realidade da UDC, definida a través de acordos da Xunta de Goberno, amosa que os niveis mínimos para os grupos B, C e D son superiores aos mínimos indicados na Táboa 2.

A Táboa 3 mostra os postos de funcionarios definidos na Relación de Postos de Traballo. En xeral, consérvanse as denominacións e características esenciais que figuraban na RPT de 2003, coas seguintes excepcións:

- Unifícanse nun posto único “posto base” os antigos postos de “auxiliar administrativo” e “xefe de grupo” coas características que figuran na Táboa 3.
- Créase o “posto base de Relacións internacionais” e “secretario de instituto universitario” cuns niveis de complemento específico (18) diferente ao “posto base” (16) debido ao requirimento de coñecemento de idiomas.
- Subida de dous niveis de complemento de destino en postos determinados (Administradores, Xefes de Negociado, Secretarios, Secretarios de dirección, Auxiliares técnicos de biblioteca) para equiparalos na medida do posible á situación de postos similares nas outras universidades do Sistema Universitario de Galicia¹¹. Aos postos de auxiliar técnico de biblioteca asemade sóbeselles dous niveis de complemento específico.
- Subida dun nivel de complemento de destino e de complemento específico para o letrado asesor, que pasa a ser de libre designación.
- Mantense a libre designación como fórmula de acceso aos seguintes postos: vicexerentes, xefe de sección de protocolo, secretario do reitor, secretario do presidente do consello social, secretarios de vicerreitores, do secretario xeral e do xerente e persoal da secretaría do reitor.

Táboa 3

POSTO	NIVEL	NIVEL COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TIPO	PROVISIÓN	GRUPO
ADMINISTRADOR/A	24	24	S	C	ABC
POSTO BASE	16	16	N	C	CD
AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	18	18	N	C	C
BIBLIOTECARIO/A	20	20	N	C	AB

¹¹ O artigo 99.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña establece que os niveis dos postos de traballo non poderán ser inferiores a outros iguais ou similares da Comunidade Autónoma ou doutras administracións. Na relación de postos de traballo que se propón avánzase substancialmente no cumprimento deste precepto estatutario.



POSTO	NIVEL	NIVEL COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TIPO	PROVISIÓN	GRUPO
DIRECTOR/A DE BIBLIOTECA	24	24	S	C	AB
LETRADO/A ASESOR	29	29	S	LD	A
POSTOS BASE RELACIÓNIS INTERNACIONAIS	16	18	N	C	CD
SECRETARIO/A	20	20	S	LD	BCD
SECRETARIO/A ADMINISTRATIVO	16	16	N	C	CD
SECRETARIO/A DE DECANATO	18	18	S	C	CD
SECRETARIO/A DE DIRECCIÓN	18	18	S	C	CD
SECRETARIO/A DE INSTITUTO UNIVERSITARIO	16	18	N	C	CD
SECRETARIO/A DO PRESIDENTE DO CONSELLO	20	22	S	LD	BCD
SECRETARIO/A DO REITOR	20	22	S	LD	BCD
TÉCNICO/A DE ARQUIVO	20	20	N	C	AB
VICEXERENTE/A	28	29	S	LD	AB
XEFE/A DE NEGOCIADO	20	20	S	C	BCD
XEFE/A DE SECCIÓN	25	25	S	C	ABC
XEFE/A DE SERVIZO	28	28	S	C	AB

NOTAS:

- 1) O nivel determina o complemento de destino que se lle aplica ao posto nas retribucións complementarias.
- 2) TIPO: S: singularizado; N: non singularizado.
- 3) PROVISIÓN: C: concurso; LD: libre designación
- 4) Os Directores de Biblioteca, Bibliotecarios e Técnicos de Arquivo pertencerán á escala de facultativos de arquivos e bibliotecas (grupo A) ou á escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos (grupo B).
- 5) Os postos de Auxiliar Técnico de Bibliotecas pertencerán á escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos (grupo C).
- 6) En todo caso, as escalas de pertenza do resto dos postos de funcionarios da RPT serán as que figuran na Disposición Adicional Terceira dos Estatutos da UDC.

A Táboa 4 amosa o número de postos que contén a RPT correspondentes ao persoal funcionario.

Táboa 4

POSTO	número
-------	--------



POSTO	número
ADMINISTRADOR	21
AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	41
BIBLIOTECARIO	34
DIRECTOR DE BIBLIOTECA	16
LETRADO ASESOR	1
POSTO BASE	115
POSTOS BASE RELACIÓNIS INTERNACIONAIS	4
SECRETARIO	12
SECRETARIO ADMINISTRATIVO	44
SECRETARIO DE DECANATO	10
SECRETARIO DE DIRECCIÓN	12
SECRETARIO DE INSTITUTO UNIVERSITARIO	6
SECRETARIO DO PRESIDENTE DO CONSELLO	1
SECRETARIO DO REITOR	1
TÉCNICO DE ARQUIVO	2
VICEXERENTE	2
XEFE DE NEGOCIADO	57
XEFE DE SECCIÓN	24
XEFE DE SERVIZO	12
TOTAL POSTOS PAS FUNCIONARIO	415

Postos de Persoal Laboral

É persoal laboral o que en virtude de contrato de natureza laboral, que deberá formalizarse sempre por escrito, ocupe postos de traballo clasificados como tales na



relación de postos de traballo. As normas básicas que rexen o vínculo entre o Persoal Laboral e a UDC son o Estatuto dos Traballadores e o Convenio Colectivo vixente concertado entre a universidade e o persoal laboral, representado polo comité de empresa.

A relación de postos de traballo de persoal laboral ao servizo da UDC pretende a optimización dos efectivos existentes e o incremento de eficacia e eficiencia das unidades organizativas en que se adscribe o devandito persoal. Asemade, preténdese homoxeneizar o sistema de prestación de servizos dentro da UDC no sentido de que non existan, na medida do posible, vínculos ou modalidades diferentes de tipo contractual para desenvolver unha mesma tarefa ou función.

No momento en que se está a redactar a presente memoria, I Convenio Colectivo está en situación de denuncia por parte do Comité de Empresa e está constituída unha mesa para que, pola vía da negociación colectiva, se proceda á redacción dun novo convenio. En consecuencia, a RPT se formula nun momento de transición entre dous convenios, circunstancia que obriga a observar o texto do convenio denunciado e a establecer un catálogo de postos potencialmente compatible co resultado da negociación colectiva que se está a desenvolver no momento presente.

A RPT do persoal laboral deberá incluír como mínimo:

- a. a unidade a que están adscritos os postos de traballo,
- b. a denominación, características esenciais e tipo de xornada de cada posto,
- c. os requisitos esixidos para o seu desempeño,
- d. os grupos legalmente previstos,
- e. os complementos que lles corresponden.

Na Relación de Postos de Traballo que figura no ANEXO 1 desta memoria aparecen de maneira explícita as letras a, b, c e d relacionadas anteriormente. Ora ben, cómpre aclarar que existen cambios de denominación nas categorías que recolle o ANEXO II do convenio colectivo denunciado (Táboa 5).

En todo caso, a implantación da nova RPT non debe supor ningún tipo de redución de dereitos económicos nin laborais dos traballadores adscritos a postos que experimentan modificación na súa denominación, xa que na totalidade dos casos, os postos mantéñense nos grupos orixinais e conservan as retribucións complementarias vinculadas ao posto.



Táboa 5

RPT 2005	RPT 2003
ARQUITECTO - XEFE DO SERVIZO	ARQUITECTO TÉCNICO
ARQUITECTO TÉCNICO	ARQUITECTO TÉCNICO
AUXILIAR DE SERVIZOS	AUXILIAR DE SERVIZOS
CONDUTOR	CONDUTOR
CONDUTOR CORREOS	CONDUTOR
CONSERXE	CONSERXE
DELINEANTE	DELINEANTE
DOCUMENTALISTA	DOCUMENTALISTA
ESPECIALISTA DE CORREOS	ESPECIALISTA DE CORREOS
ESPECIALISTA DE LABORATORIO	ESPECIALISTA DE LABORATORIO
ESPECIALISTA DE OFICIOS	ESPECIALISTA DE OFICIOS
MARIÑEIRO ESPECIALISTA	MARIÑEIRO ESPECIALISTA
SECRETARIO TÉCNICO	SECRETARIO TÉCNICO
SECRETARIO TÉCNICO	SECRETARIO TÉCNICO
SECRETARIO TÉCNICO ÁREA INFORMÁTICA	SECRETARIO TÉCNICO
SECRETARIO TÉCNICO CAMPUS DE FERROL	SECRETARIO TÉCNICO
SOCORRISTA	SOCORRISTA
TÉCNICO DE GRAO MEDIO EN INFORMÁTICA	PROGRAMADOR INFORMÁTICO
TÉCNICO DE GRAO MEDIO EN RELACIÓNIS INTERNACIONAIS	TÉCNICO DE RELACIÓNIS INTERNACIONAIS
TECNICO DE RELACIÓNIS LABORAIS E ASISTENCIA SOCIAL	TECNICO DE RELACIÓNIS LABORAIS E ASISTENCIA SOCIAL
TÉCNICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	TÉCNICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
TÉCNICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS - XEFE DO SERVIZO	
TÉCNICO ESPECIALISTA	TÉCNICO ESPECIALISTA
TÉCNICO ESPECIALISTA DE LABORATORIO	TÉCNICO ESPECIALISTA DE LABORATORIO
TÉCNICO ESPECIALISTA EN ACTIVIDADES CULTURAIS	ENCARGADO DE ACTIVIDADES CULTURAIS
TECNICO ESPECIALISTA EN ACTIVIDADES INSTITUCIONAIS	TECNICO ESPECIALISTA EN ACTIVIDADES INSTITUCIONAIS
TÉCNICO ESPECIALISTA EN DESEÑO GRÁFICO	TÉCNICO ESPECIALISTA EN DESEÑO GRÁFICO, DESEÑADOR GRÁFICO
TÉCNICO ESPECIALISTA EN EQUIPAMENTOS E ALMACÉNS	TÉCNICO ESPECIALISTA EN EQUIPAMENTOS E ALMACÉNS
TÉCNICO ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA	OPERADOR INFORMÁTICO
TÉCNICO ESPECIALISTA EN MEDIOS AUDIOVISUAIS	TÉCNICO ESPECIALISTA EN MEDIOS AUDIOVISUAIS
TÉCNICO GRAO MEDIO	TÉCNICO DE GRAO MEDIO
TÉCNICO GRAO MEDIO EN DEPORTES	TÉCNICO ESPECIALISTA EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS
TÉCNICO GRAO MEDIO EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	
TÉCNICO I+D	TÉCNICO EN PROGRAMAS DE I+D
TÉCNICO SUPERIOR	TÉCNICO SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR COORDINADOR EN DEPORTES	TÉCNICO ESPECIALISTA EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS
TÉCNICO SUPERIOR DE ASESORAMENTO CIENTÍFICO	XEFE DO SERVIZO DE INVESTIGACIÓN
TÉCNICO SUPERIOR EN CALIDADE	TÉCNICO SUPERIOR/SISTEMAS DE CALIDADE
TÉCNICO SUPERIOR EN COMUNICACIÓN	TÉCNICO EN COMUNICACIÓN
TÉCNICO SUPERIOR EN DEPORTES	TÉCNICO ESPECIALISTA EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS



RPT 2005	RPT 2003
TÉCNICO SUPERIOR EN INFORMÁTICA	ANALISTA DE INFORMÁTICA, ANALISTA DE SISTEMAS, ANALISTA ESPECIALISTA EN COMUNICACIÓN/REDES
TÉCNICO SUPERIOR EN INFORMÁTICA - COORDINADOR ÁREA	ANALISTA COORDINADOR DE XESTIÓN ANALISTA RESPONSABLE DE SISTEMAS, ANALISTA RESPONSABLE DE PROXECTO
TÉCNICO SUPERIOR EN INSTRUMENTACIÓN ANALÍTICA	
TÉCNICO SUPERIOR EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	TÉCNICO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
TÉCNICO SUPERIOR EN RELACIONS INTERNACIONAIS	TÉCNICO EN RELACIONS INTERNACIONAIS
TÉCNICO SUPERIOR EN TELEFORMACIÓN	
TELEFONISTA	TELEFONISTA
VIXIANTE	VIXIANTE
XEFE/A DE TALLER	XEFE DE TALLER
XEFE/A DO SERVIZO	XEFE DO SERVIZO

Tocante aos complementos (letra e), o convenio colectivo vixente establece os seguintes no capítulo VII:

- Complemento de posto
- Complemento de permanencia
- Complemento de nocturnidade
- Complemento de perigosidade, penosidade e toxicidade
- Complemento de dispoñibilidade

O Equipo de Goberno da UDC quere observar un extremo respecto polo resultado da negociación colectiva que actualmente se está a desenvolver e, polo tanto, os complementos retributivos do persoal laboral que establece na RPT serán aqueles que se fixen no convenio colectivo tanto no tocante aos conceptos de complemento como ás súas contías. Mentre non remata o proceso, do que se poden derivar cambios nas contías ou na asignación de complementos a postos, coidamos que o máis apropiado é non interferir no mesmo por medio da Relación de Postos de Traballo e fixar a contía global que os orzamentos de 2005 consignan para complementos de PAS laboral sen entrar na súa distribución por postos.

A Táboa 6 amosa o número de postos, clasificados por grupo, de persoal laboral que contén a RPT.

Táboa 6

GRUPO	POSTOS



1	51
2	27
3	86
4A	37
4B	97
TOTAL POSTOS PERSOAL LABORAL	298

Postos de Persoal Eventual

É persoal eventual o que en virtude de libre nomeamento do reitor e con carácter non permanente ocupa un posto de traballo considerado de confianza ou de asesoramento especial non reservado a funcionarios.

A prestación de servizos en calidade de persoal eventual nunca poderá ser considerado como mérito para o acceso á condición de funcionarios, de persoal interino ou laboral nin tampouco para a promoción interna. O persoal eventual cesará automaticamente cando cese a autoridade –para o caso da UDC, o reitor- a que lle presta a súa función de confianza ou asesoramento.

Na RPT de 2005, figuran dous postos cualificables de Persoal Eventual son os seguintes:

- Xefe de Prensa: retribucións brutas anuais totais: 37.258,86 euros (non se inclúe seguridade social).
- Xefe do Gabinete do Reitor: retribucións brutas anuais totais: 37.258,86 euros (non se inclúe seguridade social).

ANÁLISE ECONÓMICA

METODOLOXÍA PARA A VALORACIÓN ECONÓMICA DOS POSTOS

PAS FUNCIONARIO

Para a valoración dos postos de persoal funcionario de administración e servizos utilizáronse as seguintes magnitudes:



- Soldo: contía fixada para o exercicio 2005 en función do grupo en que se clasifica o posto. Se un posto puidese ser desempeñado por persoal de diferentes grupos, a valoración empregaría o soldo do grupo de nivel máis alto.
- Complemento de destino en función do nivel para 2005.
- Complemento específico do posto para 2005.
- Efecto do IPC galego (0,3784% do soldo e mais as retribucións complementarias)
- Custo da Seguridade Social: 25,19% das retribucións brutas.

Nas retribucións brutas inclúense:

- 12 pagas mensuais que inclúen o soldo, os complementos de destino e específico completos.
- 2 pagas extras que inclúen o soldo completo e o 60% do complemento de destino en 2005.
- O importe derivado do efecto do devandito IPC galego.

Non se computa a antigüidade (trienios) xa que están vinculados ás características da persoa e non especificamente do posto.

A Táboa 7 amosa a valoración dos diferentes postos de persoal funcionario.

Táboa 7

POSTO	NIVEL CD	NIVEL CE	TIPO	PROVISION	GRUPO	SOLDO	CD	CE	IPC FUNCIONARIOS	RETRIBUCIONES BRUTAS	COEF. SS	S.S.	CUSTO POSTO
ADMINISTRADOR/A	24	24	S	C	ABC	1.069,62	565,16	607,39	112,47	29.835,94	25,19%	7.515,67	37.351,61
AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	18	18	N	C	C	676,70	382,74	319,08	69,46	18.424,39	25,19%	4.641,10	23.065,49
BIBLIOTECARIO/A	20	20	N	C	AB	1.069,62	426,29	357,56	94,19	24.986,62	25,19%	6.294,13	31.280,75
DIRECTOR/A DE BIBLIOTECA	24	24	S	C	AB	1.069,62	565,16	607,39	112,47	29.835,94	25,19%	7.515,67	37.351,61
LETRADO/A ASESOR	29	29	S	LD	A	1.069,62	842,46	1.145,51	150,76	39.992,03	25,19%	10.073,99	50.066,02



POSTO	NIVEL CD	NIVEL CE	TIPO	PROVISIÓN	GRUPO	SOLDO	CD	CE	RETRIBUCIÓNS BRUTAS			COEF.SS	S.S.	CUSTO POSTO
									IPC FUNCIONARIOS					
POSTO BASE	16	16	N	C	CD	676,70	339,24	299,91	66,41	17.617,10	25,19%	4.437,75	22.054,85	
POSTOS BASE RELACIONS INTERNACIONAIS	16	18	N	C	CD	676,70	339,24	319,08	67,28	17.848,01	25,19%	4.495,91	22.343,92	
SECRETARIO/A	20	20	S	C	BCD	907,80	426,29	357,56	85,62	22.712,57	25,19%	5.721,30	28.433,87	
SECRETARIO/A ADMINISTRATIVO	16	16	N	C	CD	676,70	339,24	299,91	66,41	17.617,10	25,19%	4.437,75	22.054,85	
SECRETARIO/A DE DECANATO	18	18	S	C	CD	676,70	382,74	319,08	69,46	18.424,39	25,19%	4.641,10	23.065,49	
SECRETARIO/A DE DIRECCIÓN	18	18	S	C	CD	676,70	382,74	319,08	69,46	18.424,39	25,19%	4.641,10	23.065,49	
SECRETARIO/A DE INSTITUTO UNIVERSITARIO	16	18	N	C	CD	676,70	339,24	319,08	67,28	17.848,01	25,19%	4.495,91	22.343,92	
SECRETARIO/A DO PRESIDENTE DO CONSELLO	20	22	S	LD	BCD	907,80	426,29	472,86	90,86	24.101,41	25,19%	6.071,15	30.172,56	
SECRETARIO/A DO REITOR	20	22	S	LD	BCD	907,80	426,29	472,86	90,86	24.101,41	25,19%	6.071,15	30.172,56	
TÉCNICO/A DE ARQUIVO	20	20	N	C	AB	1.069,62	426,29	357,56	94,19	24.986,62	25,19%	6.294,13	31.280,75	
VICEXERENTE	28	29	S	LD	AB	1.069,62	807,03	1.145,51	148,99	39.522,59	25,19%	9.955,74	49.478,33	
XEFE/A DE NEGOCIADO	20	20	S	C	BCD	907,80	426,29	357,56	85,62	22.712,57	25,19%	5.721,30	28.433,87	
XEFE/A DE SECCIÓN	25	25	S	C	ABC	1.069,62	600,58	684,27	117,73	31.231,31	25,19%	7.867,17	39.098,48	
XEFE/A DE SERVIZO	28	28	S	C	AB	1.069,62	807,03	972,52	141,13	37.438,85	25,19%	9.430,85	46.869,70	

A Táboa 8 reflicte as diferenzas no custo dos cambios introducidos nos grupos ou nos niveis comentados anteriormente en relación á RPT de 2003.

Táboa 8

RPT	POSTO	NIVEL CD	NIVEL CE	GRUPO	SOLDO	Complemento Destino Mensual	IPC FUNCIONARIOS	Complemento Específico Mensual	RETRIBUCIÓNS BRUTAS	COEF.SS	S.S.	CUSTO POSTO	



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

RPT	POSTO	NIVEL CD	NIVEL CE	GRUPO	SOLDO	Complemento Específico Mensual	Destino Mensual	RETRIBUCIÓNS BRUTAS	COEF.SS	S.S.	CUSTO POSTO
2005	ADMINISTRADOR	24	24	ABC	1.069,62	565,16	607,39	112,47	29.835,94	25,19%	7.515,67
2003	ADMINISTRADOR	22	24	ABC	1.069,62	494,29	607,39	108,93	28.896,92	25,19%	7.279,13

INCREMENTO ANUAL DO
CUSTO POR POSTO

1.175,56

2005	POSTO BASE	16	16	CD	676,70	339,24	299,91	66,41	17.617,10	25,19%	4.437,75	22.054,85
2003	XEFE DE GRUPO	16	16	CD	676,70	339,24	299,91	66,41	17.617,10	25,19%	4.437,75	22.054,85

INCREMENTO ANUAL DO
CUSTO POR POSTO

0,00

2005	POSTO BASE	16	16	CD	676,70	339,24	299,91	66,41	17.617,10	25,19%	4.437,75	22.054,85
2003	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	15	16	D	553,32	317,45	299,91	58,79	15.594,53	25,19%	3.928,26	19.522,79

INCREMENTO ANUAL DO
CUSTO POR POSTO

2.532,06

2005	AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	18	18	C	676,70	382,74	319,08	69,46	18.424,39	25,19%	4.641,10	23.065,49
2003	AUXILIAR DE BIBLIOTECA	16	16	C	676,70	339,24	299,91	66,41	17.617,10	25,19%	4.437,75	22.054,85

INCREMENTO ANUAL DO
CUSTO POR POSTO

1.010,64

2005	LETRADO ASESOR	29	29	A	1.069,62	842,46	1.145,51	150,76	39.992,03	25,19%	10.073,99	50.066,02
